



## Concello de Ribeira de Piquín

### BANDO

### **AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA**

O martes día 04 de febreiro saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo sobre as axudas para a adquisición de vivenda.

#### BENEFICIARIOS

Persoas físicas maiores de idade, que tendo menos de 35 anos cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír nacionalidade española.
- Que os ingresos anuais das persoas que compoñen a unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a tres veces o IPREM. Este límite será de catro ou cinco veces o IPREM para os casos de familia numerosa ou cando existan persoas con discapacidade respectivamente.
- A vivenda estará localizada nun concello de menos de 5.000 habitantes e o prezo de adquisición será igual ou inferior a cen mil euros. Admítense vivendas novas e usadas. Poderán ser obxecto destas subvencións as vivendas que foran adquiridas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2020.
- A persoa solicitante e demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estarán empadroadas na vivenda adquirida.
- Que nin a persoa solicitante nin calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en territorio español. Para estes efectos, non se considerará que se posúe a propiedade ou o usufruto dunha vivenda se o dereito recae unicamente sobre unha parte alícuota desta e foi obtido por transmisión *mortis causa*. Exceptuaranse deste requisito aquelas persoas que, sendo titulares dunha vivenda, acrediten non ter a súa dispoñibilidade por causa de separación ou divorcio, non poidan habitala por calquera outra causa allea á súa vontade ou que a vivenda resulte inaccesible por razón de discapacidade da persoa solicitante ou de calquera membro da súa unidade de convivencia.

#### CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda para a adquisición será de ata **10.800 euros por vivenda, co límite do 20 % do prezo de venda**, sen incluír os gastos e tributos inherentes a esa adquisición.

#### PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes comezará **o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e rematará o 30 de setembro de 2020.**

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, a 07 de febreiro 2020.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

